

BANDO

PROGRAMA DE TRANSPORTE ESCOLAR COMPARTIDO

A Xunta de Galicia ven de comunicarlle ao Concello a posta en funcionamento do programa de **TRANSPORTE ESCOLAR COMPARTIDO**, coñecido como **TES+BUS**, mediante o que as prazas que resulten libres **NAS RUTAS DE TRANSPORTE ESCOLAR PÚBLICO** poderán ser utilizadas polo resto dos cidadáns, sen que isto supoña unha merma do servizo para os escolares.

As normas básicas de funcionamento son as seguintes:

- Os cidadáns **aboarán 1€** por cada viaxe que realicen.
- Viaxará unha persoa acompañante dos nenos e adulta, normalmente distinta do condutor, que será a que regule a orde no autobús.
- Os usuarios poderán subir e baixar en calquera das paradas da ruta escolar.
- Non se poderán subir vultos que, a xuízo da persoa acompañante, poidan entorpecer o paso.

As rutas e horarios do Concello de Toén, son os seguintes:

RUTA NÚM. 1. FREIXENDO-COLEXIO DE TOÉN

FREIXENDO, ALONGOS 2, ALONGOS 1, O MOREIRO, MUGARES 3, MUGARES 2, MUGARES 1, AS QUEIMADAS, FONDÓN, CRUCE DA VEEA, CEIP SACO E ARCE

RUTA NÚM. 2. CELEIRÓN-COLEXIO DE TOÉN

CELEIRÓN, SAN FIZ, CASTIÑEIRAS, XESTOSA 2, XESTOSA 1, LARELLE, TOÉN (RIBADELA), TOÉN (AS POZAS) CEIP SACO E ARCE

RUTA NÚM. 3. AS LAMAS-COLEXIO DE TOÉN

AS LAMAS, AS AIRAS, MOREIRAS 2, MOREIRAS 1, MOREIRAS (LAMELA), TRELLE, TRELLERMA, CEIP SACO E ARCE

HORARIOS

XUÑO E SETEMBRO

08.45 COMEZO DE RUTAS – 09.15 CHEGADA AO COLEXIO

15.00 SAÍDA DO COLEXIO – 15.30 FIN DE RUTA

DE OUTUBRO A MAIO

09.15 COMEZO DE RUTAS -09.45 CHEGADA AO COLEXIO

16.00 SAÍDA DO COLEXIO – 16.30 FIN DE RUTA

Maís información en <http://www.cmati.xunta.es/porta1/cidada1/lang/gl/pid/2038>

Toén, maio de 2012

O alcalde